



Ollos abertos

As boas persoas

Todos coñecemos persoas boas: familiares, profesores, veciños, amigos... A pesar dos seus posibles defectos, desexariamos ser coma elas e que fosen apreciadas polas demais persoas.



- ▶ ¿Que persoas coñeces que teñan esas características?
- ▶ ¿Que é o que máis che agrada delas?



Mirada penetrante

Coma os santos

Na Igrexa, ao longo dos anos, houbo homes e mulleres que foron grandes imitadores e seguidores de Xesucristo. Son os santos

A Igrexa proponnos aos santos para que contemplemos a súa vida e imitemos o seu comportamento.

- ▶ ¿Cal é o santo ou santa a quen admiras máis? ¿Por que?
- ▶ Le a lista dos santos da páxina 121.
 - ¿A cales coñeces? ¿Que sabes deles?
 - Busca algúns datos sobre algún deles.



Oídos atentos

Vivir en plenitude coma María

Deus promete que un día viviremos de forma plena a Alianza con Deus. Os santos, e sobre todo María, xa alcanzaron esa plenitude. En María contemplamos o que nós viviremos un día no ceo.

1 María viviu en plenitude a Alianza con Deus

<p>1 Filla do Pai</p> <ul style="list-style-type: none"> • • • 	<p>2 Seguidora de Xesús</p> <ul style="list-style-type: none"> • • • 	<p>3 Obediente ao Espírito</p> <ul style="list-style-type: none"> • Escoitouno atentamente. • Pedíalle luz e forza. • Seguía as súas invitacións.
<p>4 Solidaria cos irmáns</p> <ul style="list-style-type: none"> • • • 	<p>5 Unida á Igrexa de Xesús</p> <ul style="list-style-type: none"> • • • 	

O Concilio Vaticano II falounos así de María

- María está unida a Cristo con estreito e indisoluble vínculo... Ao mesmo tempo está unida... con todos os homes que han de ser salvados. (LG 53).*
- É filla predilecta do Pai e o sacrario do Espírito Santo. Foi formada polo Espírito Santo e feita unha nova criatura. (LG 53 e 56).*
- Está unida tamén intimamente á Igrexa. (LG 63).*
- É membro eminente e de todo singular da Igrexa, o seu prototipo e modelo na fe e no amor. (LG 53).*
- Consagrouse totalmente, como escrava do Señor, á persoa e á obra do seu Fillo. (LG 56).*



- ▶ Relaciona cada un destes textos do Concilio Vaticano II cos cadros anteriores.
- ▶ Despois escribe o número do recadro ao que se refire.

2 No ceo viviremos en plenitude a Alianza con Deus

■ En comunión plena co Pai, o Fillo e o Espírito Santo

- Veremos a Deus como é, coñecerémolo plenamente, viviremos de verdade como fillos seus.

- *Pai, este é o meu desexo: que os que me confiaches estean comigo onde eu estou e contemplen a miña gloria. (Xn 17,24)*

- Estaremos para sempre en compañía de Cristo, moi unidos con El e perfectamente semellantes a El.
- Viviremos en amizade íntima co Espírito Santo que nos une co Pai e co Fillo e nos fai imaxes transparentes de Deus.
- A humanidade enteira será de verdade unha familia perfectamente unida e solidaria.

■ En comunión plena e feliz con todos os homes e mulleres

- Triunfarán plenamente a paz, a unidade, a xustiza, a igualdade entre os seres humanos.
- Desaparecerán para sempre a morte, a dor, o mal e todos seremos completamente felices.

- *Pai, este é o meu desexo: que os que me confiaches estean comigo onde eu estou e contemplan a miña gloria.* (Xn 17,24)
- *Seremos semellantes a Deus, porque o veremos tal e como é.* (1 Xn 3,2)
- *O Señor... preparará para todos os pobos unha festa... Aniquilará a morte para sempre.* (Is 25,6.8)
- *Haberá gozo e alegría perpetua... Xa non se oirán xemidos nin choros.* (Is 65,18)
- *Eu virei para reunir ás nacións de toda lingua; virán para ver a miña gloria.* (Is 66,18)

► Busca nos dous apartados da primeira columna as frases a que se refiren os textos bíblicos da segunda.



Memoria esperta

María, modelo de vida cristiá

A Igrexa ama entrañablemente a María e ve nela, xa realizado, o que nós esperamos conseguir no ceo. Invítanos a nós a mirar cara a Ela, a amala e a imitala como á primeira e á mellor dos cristiáns.

■ ¿Quen é a Virxe María?

■ ¿Qué é o ceo?

■ ¿Por que María é modelo de vida cristiá?

■ ¿Quen son os santos?

Algúns santos da Igrexa

Santo Agostiño, bispo, e santa Mónica, súa nai.

San Sidro, labrador, e santa María da Cabeza, súa muller.

San Bieito e os santos Cirilo e Metodio, patróns de Europa.

San Francisco de Asís e santa Clara de Asís, fundadores da familia franciscana.

San Fernando e san Luís, reis en España e en Francia.

Santo Domingo de Guzmán e san Ignacio de Loiola, fundadores de familias relixiosas.

San Xoán de Ávila e o santo Cura de Ars, sacerdotes exemplares.

Santa Tareixa de Xesús e san Xoán da Cruz, mestres de oración.

San Francisco Xavier e santa Tareixa do Neno Xesús, patróns das misións.

San Pedro Claver, defensor e amparo dos escravos negros.

San Xoán de Deus e san Vicente de Paúl, apóstolos dos pobres e marxinados.

San Xosé de Calasanz, san Xoán Bosco e santa Xoaquina Vedruna, educadores cristiáns.

San Antoño María Claret, bispo e catequista.

San Luís Gonzaga e santo Domingo Sabio, cristiáns mozos.



Mans activas

Imitar a María

Queremos imitar a María para poder chegar nós un día a gozar a felicidade do ceo.

■ A miña vida cristiá, como a de María

- 1 ¿Alégrome de saber que son fillo moi querido de Deus?
- 2 ¿Falo con El coa confianza dos fillos pequenos?
- 3 ¿Cumpro a súa vontade, sabendo que é o mellor para min e para o mundo?
- 4 ¿Trato de coñecer a Xesús e a súa mensaxe?
- 5 ¿Esfórzome por relacionarme con Xesús e por quere-lo como a un amigo íntimo?
- 6 ¿Intento seguir a Xesús vivindo o amor a Deus e aos irmáns?
- 7 ¿Fago silencio para escoitar ao Espírito que fala no interior do corazón?
- 8 ¿Pídolle continuamente ao Espírito que me ilumine e me fortaleza?
- 9 ¿Déixome guiar polo Espírito nos meus proxectos e actividades?
- 10 ¿Son servizal e solidario cos que están necesitados?
- 11 ¿Quero de verdade ás persoas coas que me relaciono?
- 12 ¿Son capaz de compartir algo cos necesitados?
- 13 ¿Amo á Igrexa e á miña parroquia e considéroa a miña segunda familia?
- 14 ¿Participo con gusto nas súas actividades e colaboro con ela nas súas tarefas?
- 15 ¿Rezo pola Igrexa para que viva como quere Xesucristo?

1. Nada 2. Pouco 3. Bastante 4. Moito

<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

► Responde a cada unha destas preguntas: 1- Nada, 2- Pouco, 3- Bastante, 4- Moito